



CONCELLO DE SADA

Edificio de usos administrativos.  
Avda. da Mariña 25 15160  
Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
www.sada.gal

**ANUNCIO**  
**RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO 2º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE 3 PEÓNS.**

O tribunal cualificador constituído do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de tres postos de peón, a través do procedemento de concurso-oposición, en sesión de data 21-7-2021 resolveu:

**a)** Alegación presentada o día 20-7-2021 (núm. de rexistro 20210000002981) polo aspirante co DNI nº 32XXXX17X:

Que nesta proba se valoraron 5 aspectos que determinaron o desenrolo correcto do exercicio práctico.

a) REPLANTEO CON MARCAXE AO SOLO cunha puntuación máxima de 2 puntos

b) USO DAS FERRAMENTAS cunha puntuación máxima de 2 puntos

c) EXECUCIÓN XERAL DA PROBA cunha puntuación máxima de 3 puntos

d) LIMPEZA DA ZONA DE TRABALLO cunha puntuación máxima de 1 punto

e) AS MEDIDAS segundo o axuste do traballo realizado ao croquis que se lles entregou aos examinados para o desenrolo da proba cunha puntuación máxima de 2 puntos.

En base ao anterior, os resultados obtidos polo impugnante foron:

Con respecto ao apartado a), replanteo con marcaxe ao solo, se lle valorou con 0,8 puntos xa que o traballo examinado presentaba unha falta de linealidad na colocación dos ladrillos.

Con respecto ao apartado b), uso das ferramentas, se lle valorou con 1 punto xa que o impugnante non mostrou a precisión e soltura adecuadas na utilización da paleta na aplicación do morteiro aos ladrillos.

Con respecto ao apartado c), execución xeral da proba, se lle valorou con 0,8 puntos xa que as xuntas de unión dos ladrillos do murete non presentaban unha uniformidade, chegando en algúns casos a presentar unha falta notable de morteiro, o que deriva nunha inestabilidade do murete.

Con respecto ao apartado d), limpeza da zona de traballo, se lle valorou con 0,5 puntos, xa que aparte de non recoller e ordenar as ferramentas utilizadas, o entorno da zona de traballo non estaba adecuadamente limpo.

E finalmente, con respecto ao apartado e), as medidas, se lle valorou con 1,5 puntos, xa que o exercicio presentaba variacións respecto ao croquis entregado, as cales son consecuencia de ese defecto na aplicación do morteiro nas xuntas.

En base ao anteriormente exposto, o Tribunal acorda por unanimidade desestimar a alegación presentada respecto á valoración do 2º exercicio da fase de oposición.

**b)** Alegación presentada o día 20-7-2021 (núm. de rexistro 20210000002967) polo aspirante co DNI nº 32XXXX99N:

Que unha vez revisado o traballo efectuado e cotexadas as puntuacións, se considera correctamente valorado o exercicio, non sendo posible elevar a puntuación final.

En base ao anteriormente exposto, o Tribunal acorda por unanimidade desestimar a solicitude presentada respecto á valoración do 2º exercicio da fase de oposición.

O que se pública para xeral coñecemento.

Sada, 26 de xullo de 2021

O secretario do tribunal

**-Taboleiro**  
**-Web**